

8	Activos financeiros	174.411,59
	TOTAL	2.203.229,57

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 3 de xullo de 2017.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 2060

Anuncio

“Decreto.- A Pobra de San Xiao (Láncara), 4 de xullo de 2017.

Tendo previsto ausentarme do termo municipal o periodo comprendido entre os días 10 e 16 de xullo, de acordo co establecido nos artigos 63 da Lei de Administración local de Galicia e 47.1 e 2 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais.

RESOLVO

Que me substitúa na totalidade das miñas funcións o primeiro tenente de alcalde, don Pablo Rivera Capón.

Notifíquesele ó interesado.

Déase conta ao Pleno da Corporación e publíquese no BOP.”

A Pobra de San Xiao (Láncara), 5 de xullo de 2017.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 2061

LOURENZÁ

Anuncio

Con data 22/06/2017, segundo a posibilidade prevista no artigo 47.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de fixación do prezo público, en desenvolvemento da ordenanza núm.1 “Reguladora do Prezo Público pola prestación de servizos, realización de actividades, xornadas, cursos ou similares e pola venda de libros, impresos e publicacións”, para a entrada ás actuacións do Programa Buxiganga e que será de Dous (2,00) euros para cada unha delas.

Contra o acordo de aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses dende a publicación dese anuncio, de conformidade co disposto no artigo 10 e 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Lourenzá, 4 de xullo do 2017.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2062

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 21 de xuño de 2017 aprobou a CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN INTEGRAL DAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAIS PARA DESENVOLVER POLA ÁREA DE XUVENTUDE (PROGRAMAS PREVILUGO, ASESORÍAS XUVENÍS E ARDE LUCUS) EXP. 2/2017.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

c) Obtención de documentación e información:

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002
4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
6. **Correo electrónico:** contratacion@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) Número de expediente: 2/2017**2.- Obxecto do contrato.**

a) **Tipo de contrato:** servizos

b) **Descrición:** prestación integral das actividades de animación sociocultural a desenvolver dende a Area de Xuventude (programa Previlugo, Arde Lucus e Asesorías Xuvenís), todo elo segundo o disposto no prego de prescricións técnicas elaborado pola Concellería de Xuventude do Concello de Lugo.

c) **División por lotes:** NON

d) **Lugar de execución/entrega:** Concello de Lugo

e) **Prazo de duración/ Prazo de execución:** Dous anos.

f) **Admisión de prórroga:** Si. A duración deste contrato é de DOUS ANOS contados a partir da formalización do contrato administrativo, e poderá ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes, por períodos máximos anuais, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas poida exceder de CATRO ANOS.

g) **Establecemento de acordo marco:** NON

h) **CPV :** 92300000-4 Servizos de entretememento.

3.- Tramitación e procedemento:

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedemento:** aberto

c) **Criterios de adxudicación:** Ver cláusulas décimosegunda.

4.- Valor estimado do contrato: 87.466,68 euros.

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

21.866,67 euros durante a primeira anualidade e polo que sumado o IVE (10%) - 2.186,66 euros - o presuposto máximo do contrato ascende á cantidade de **24.053,34 euros, IVE incluído**, durante a primeira anualidade, conforme o seguinte:

- Prezo de licitación actividades Arde Lucus (cos dous traballadores auxiliar de servizos xerais):

10.856,67 euros máis o IVE (10%) -1.085,67 euros, resultando un total de **11.942,34 euros IVE incluído**.

- Prezo/hora de licitación para actividades de Previlugo e Asesorías:

15,40 euros/hora máis o IVE (10%) - 1,54 euros, resultando un total de 16,94 euros/hora IVE incluído. Tendo en conta o número total estimado de horas para cada actividades (350 horas de Previlugo e 300 horas de Asesorías) o custo máximo total para as ditas actividades ascende a **11.011 euros IVE (10%) incluído**.

6.- Garantías:

a) **Provisional:** NON procede

b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Solvencia:** A sinalada na **cláusula sexta** do prego de cláusulas administrativas

b) **Clasificación:** NON

c) **Outros requisitos:** Non

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Modalidade de presentación:** formato papel.

c) **Lugar de presentación:**

1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002

d) **Admisión de variantes:**NON

e) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta:** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data e hora:** O tercer día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións ás 13:30 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: 91,39 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas nas cláusulas décimo quinta e décimo sétima configuradas como obrigas contractuais esenciais.

Lugo, de 3 de xullo 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 2063

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 8 de febreiro de 2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo que a continuación literalmente se transcriben:

“PRIMEIRO.- Aprobamos os honorarios da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA) para levar a cabo a encomenda de xestión efectuada a devandita entidade mercantil, relativa á elaboración pola vía de execución subsidiaria da cuantificación do presuposto de execución material que leva consigo tanto a elaboración do proxecto de rehabilitación do inmovible número 48 da ronda da Muralla de Lugo, que lle foi requirido á propiedade do citado inmovible, así como a execución das medidas de seguridade ordenadas polo Decreto número 16003834, do 19 de maio de 2016, con cargo aos copropietarios obrigados do citado inmovible don Enrique Pillado Rico e dona Placeres e dona Gimena Pillado Carballedo, cuxos honorarios de redacción do proxecto básico e de execución da rehabilitación e das medidas de seguridade para adoptar no inmovible número 48 da ronda da Muralla de Lugo por vía da execución subsidiaria ascenden a 3.630 euros, IVE incluído, así como os honorarios relativos á contratación da dirección das obras, da dirección de execución material das obras de coordinación en materia de Seguridade e Saúde das obras definidas no referido proxecto, así como das medidas de seguridade para adoptar no devandito inmovible, ascendentes a 4.244,45 euros.

SEGUNDO.- Requirirille a EVISLUSA para que proceda á adopción do correspondente acordo para levar a cabo a citada encomenda de xestión.

TERCEIRO.- Unha vez adoptado o acordo polo órgano competente de EVISLUSA, proceder á publicación no BOP dos acordos de ambos os dous órganos (encomendante e encomendado), en cumprimento do establecido no art. 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para os efectos da eficacia desta encomenda de xestión.

CUARTO.- Notifíquelles esta resolución a todos os interesados, para o seu coñecemento e efectos oportunos, significándolle que contra esta poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo, segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da recepción deste notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).